

[Labirintos: realidades aumentadas,
realidades inclusivas]

[CEIP Heroínas de Sálvora e CEIP plurilingüe de Frións]





0. Introducción necesaria

O código QR (quick response code) é unha imaxe para almacenar información nunha matriz de puntos. Cando se pasa un dispositivo móbil por un código QR este irá a unha páxina web, perfil de rede social, vídeo, etc.

Pola súa forma semella un selo no que aparecen labirintos. Cada día están máis extendidos en calquer tipo de produtos e teñen grande difusión no ámbito da publicidade.

Así, tendo en conta estas características, consideramos que pode ser un recurso cun gran potencial escolar dando resposta a diversidade e os novos retos educativos. Consideramos que os QR poden enriquecer as nosas prácticas diaria. Aspiramos, como coordinadores deste proxecto, a que as nosas escolas sexan máis accesibles respondendo a pluralidade dos nosos entornos.

1. Título

“Labirintos: realidades aumentadas, realidades inclusivas”

2. Contextualización e xustificación do proxecto

a. Identificación da situación sociolingüística dos centros

O CEIP plurilingüe de Frións é un centro de case 190 alumnos/as. A orixe deste alumnado é moi diversa, podéndose agrupar nos seguintes perfiles lingüísticos que dará unha idea clara da diversidade que ten o centro:

- alumnado que proceden do casco urbano de Ribeira onde as súas familias falan maioritariamente castelán e moi pouco galego. Este colectivo pode representar un 40 % do alumnado aproximadamente.
- alumnado de etnia xitana que son castelán falantes nas súas familias. Representan o 25 % do alumnado.
- alumnado procedente do estranxeiro que ou ben teñen como única lingua o castelán (no caso dos procedentes de suramérica) ou outra lingua (francés, árabe,...) diferente. Rondan o 25% do alumnado total.
- alumnado do entorno máis próximo ao centro que falan maioritariamente en galego. Representarían o 10% aproximadamente.

O CEIP Heroínas de Sálvora situado na parroquia de Aguiño conta con 208 alumnos/as. A maioría do alumnado son da propia parroquia ou dos arredores. Contamos cunha alta porcentaxe de alumnado que é galego falante, aínda que debemos subliñar que a medida que pasan os cursos cada vez entran en tres anos máis nenos/as falando en castelán. A isto súmase o feito de que nenos/as que entran falando en galego van mudando cara o castelán a medida que avanza os cursos. Un feito salientable é que empezamos a ter fillos/as de antigo alumnado do colexio que



sabemos que eran galego falantes e que á hora de dirixirse ao seus fillos/as o fan en castelán. Polo tanto, a perda de galego falantes na nosa parroquia é un feito que vai medrando.

3. Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos.

Na formulación dos obxectivos debemos ter en conta distintos grados de consecución: Inicio-avance-consolidación-ampliación, tendo en conta a diversidade de perfís profesionais e niveis de coñecementos dos distintos axentes educativos. Os obxectivos foron deseñados tendo en conta que sabemos que todas as familias neste momento contan con teléfonos móbiles que poden usalos nas súas casas cos seus fillos/as. Na escola este proxecto será desenvolto a través de tabletas.

a. Formulación dos procesos de mellora do ensino e da aprendizaxe.

- Crear espazos de reflexión para analizar os plantexamentos metodolóxicos actuais, focalizando a atención sobre a cobertura das necesidades derivadas da diversidade nas aulas.
- Mellorar e innovar nas dinámicas de normalización da lingua nos nosos centro e fóra deles (familias e institucións), buscando a identificación do galego con contextos de vangarda.
- Avanzar na acesibilidade, aproveitando mellor os recursos que elaboramos (murais, mapas,...) dotándoos dun enriquecemento multimedia.

b. Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

- Iniciar un proceso de uso das TICs relacionándoas coa lingua a través dos códigos.
- Implementar un sistema aumentativo de comunicación que facilite o acceso a contidos dixitais a alumnado con diversidade lingüística e por extensión con pluralidade de características (neae, situacións culturais)
- Crear unha dinámica permanente na ambientación dos espazos e na elaboración dos materiais do nos centros que conteñan códigos QR.
- Crear espazos de formación adaptada aos disintos axentes educativos (titorias, obradoiros...).
- Contribuír a implicación familia-escola através dos códigos QR.
- Abrir as escolas ao tecido de distintas institucións que forman parte da sociedade e cultura inmediata do noso alumnado e familias (concello, asociacións...)

c. Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

- Fortalecer a corresponsabilidade de tarefas educativas entre escola-familia.
- Establecer colaboración con entidades e institucións facendoas partícipes do proxecto.
- Fixar unha liña de colaboración entre dous CEIP para desenvolver proxectos.

4. Actividades de innovación previstas

4.1. Accións formativas

Somos conscientes de que os códigos QR son un elemento que se está consolidando no noso entorno e aparecen cada vez máis en diversos produtos (alimentarios, publicitarios,etc) . Aínda así, cremos necesario facer unha serie de accións formativas dirixidas a diferentes sectores da comunidade educativa.



4.1.1. Acción formativa para o profesorado: tecnolóxica e metodolóxica.

Faremos un obradoiro práctico en cada centro de como se crea un código QR a partir dun enderezo de internet ou URL e como imprimilo e colocalo no obxecto que queremos facer accesible.

Asemade faremos un titorial impreso que repartiremos entre o profesorado.

Obxectivo: Dar a coñecer entre o profesorado como crear os códigos QR. Reflexionar sobre o potencial dos códigos para enriquecer a labor docente compartindo propostas.

Proposta metodolóxica: Faremos un obradoiro e editaremos un titorial. Haberá as reunións presenciais que se precisen (con distintas modalidades de agrupamento: por equipos de dinamización...), e intercambio de propostas a través do correo electrónico

Xestión: Será o/a coordinador/a de cada centro o que imparta o obradoiro. O titorial será común e farano entre ambas persoas responsables da coordinación.

Temporalización: durante a 1ª semana na que arranque o proxecto será a formación tecnolóxica e a nivel pedagóxico as reunións faranse cando se precisen.

4.1.2. Acción formativa para o alumnado: scaneado e xeración.

Atendendo ás idades do alumnado ensinaremoslle a escanear os códigos QR usando unha tableta para que sexan eles/as autonomamente os/as que poidan acceder aos contidos multimedia.

Pediráselle ao alumnado que observe no seu entorno posibles códigos que poida atopar: produtos do supermecado, rotulacións...e que os rexistre para crear un espazo de reflexión sobre os mesmos. Faremos un obradoiro para 6º de Primaria para ensinarlle a xerar códigos QR. O alumnado de sexto farán un panel de expertos/as para explicarlle ao resto das clases distintos aspectos dos códigos, fomentando deste xeito a lingua oral asociada a tecnoloxía.

Obxectivo: Dar a coñecer entre o alumnado como escanear e xerar os códigos QR.

Proposta metodolóxica: Faremos un obradoiro guiado en cada clase.

Xestión: Será o titor/a ou mestre/a implicado o que o fará en cada clase en colaboración co alumnado maior de 6º.

Temporalización: durante a 4ª semana na que xa teremos bastantes elementos nos colexios para poder escanear os códigos QR.

4.1.3. Acción formativa para as familias

Por un lado editaremos o titorial para a creación de códigos QR para as familias poidan facer os seus propios códigos en materiais de uso común escola-familia (axenda, caderno viaxeiro,...). E por outro lado faremos un titorial no que mostraremos como instalar *app* para móbiles ou tabletas que escaneen os códigos QR. Todos estes materiais distribuírémolos en papel e nas web, blogs, outros espazos na rede... A través dunha nota tamén lle pediremos ás familias que se coñecen páxinas en galego ou portugués que poidan ser de interese que nola manden por correo para poder usalas nalgún traballo. Ademais faremos unha sondaxe para saber se xa coñecen os códigos QR e para coñecer o número real de tabletas e/ou teléfonos intelixentes que poida haber nas casas do noso alumnado.

Obxectivo: Dar a coñecer entre as familias como escanear os códigos QR e como crealos.

Proposta metodolóxica: titoriais impresos que enviaremos ás familias. As familias con alumnado neae terán a posibilidade de ter sesións titorizadas individuais para intentar darlle resposta o máis personalizada posible a necesidade do seu fillo/a.

Xestión: Será o coordinador/a de cada centro o que distribúa estes titoriais.



Temporalización: durante a 5ª semana na que xa teremos iniciada unha dinámica con contidos con códigos QR.

4.2. Investigación

Unha vez sepamos como crear os códigos QR e como colocalos en obxectos, teremos que invertir tempo en buscar en contidos dixitais. É dicir asociar o código QR do obxecto a unha dirección de internet isto levará traballo de buscar contidos axeitados para rapaces e que estén en galego ou portugués. O contido pode ser dende un vídeo, un enderezo web, un perfil de Facebook, etc. Os resultados destes rastrexos na rede serán compartidos entre os dous centros.

Obxectivo: Explorar contidos web en galego e en portugués adaptados aos nosos materiais físicos.

Proposta metodolóxica: Traballo autónomo dos mestres/as e dos equipos de dinamización participantes no proxecto. A temporalización será intermitente posto que se irá buscando materiais multimedia para asociar a medida que se precisen.

Xestión: Será o titor/a ou mestre implicado o que o fará coa axuda do coordinador/a de cada centro.

Temporalización: a partir da 2ª semana e ata final de curso exploraremos para editar os códigos QR.

4.3. Ambientación e exposicións:

Todos os materiais que elaborem no centro para ambientar e para facer exposicións de curta duración: murais, paneis, etc. Levarán códigos QR que permitirán que o alumnado a través das tabletas do centro poidan “investigar” xogando mentres ven os diversos materiais que temos expostos. Na ambientación participará activamente o alumnado para que sintan como “máis seu” todos os elementos do colexio.

Obxectivo: Ter en un lugar de moita visibilidade contidos cos códigos.

Proposta metodolóxica: Traballo autónomo do profesorado participante no proxecto xunto co coordinador/a no centro.

Xestión: Será o titor/a, ou equipo implicado o que deseñará e colocará o código.

Temporalización: a partir da 2ª semana e progresivamente ata completar toda a ambientación do centro.

4.4. Postais musicais

Editaremos unha serie de 8 postais diferentes con imáxenes de persoas relacionadas coa cultura e o deporte, así como obxectos e lugares patrimoniais do concello de Ribeira. Cada unha destas postais terá dous códigos QR un levará a un vídeo musical, de aí o nome de postal musical, e outro a información complementaria en galego sobre o que se está vendo. Por exemplo: nunha postal poremos a imaxe dunhas dornas nun porto de Ribeira. Ademais da imaxe da embarcación terá un código QR. Cando a persoa reciba esa postal scaneando co seu móbil o código comezará a sonar o himno da dorna.

Nesta actividade pedimos a colaboración de entidades e asociacións representativas do concello de Ribeira, establecendo unha rede de propostas bidireccionais. Máis concretamente xa temos a



colaboración da asociacións culturais Ateneo Valle-Inclán, da asociación Cofradía da Dorna, do clube de fútbol Sálvora e do Concello de Ribeira. De cada unha destas entidades achégase un escrito de apoio a este proxecto.

Estas postais servirán para enviar e difundir a cultura, deporte e patrimonio local e galego e en galego. As postais distribuiranse, ademais de entre o alumnado e as familias, gratuitamente, entre as entidades que colaboran, centros de ensino, oficinas de turismo do concello de Ribeira, Feira do ensino de Ribeira, pequeno comercio próximo aos centros e lugares de hostelería.

Obxectivo: Colaborar con entidades da nosa contorna e implicalas nun proxecto intercentros sobre lingua e cultura galega.

Proposta metodolóxica: As entidades aportarán o contido gráfico a editar. O/a coordinadores/a dos centros elixiran as “músicas” para cada unha das postais así como o contido do código QR.

Xestión: Será o/a coordinador/a dos centros os que coordinen coas entidades para logo levar a imprenta os materiais.

Temporalización: na 2ª semana iremos solicitando as imaxes e antes de final de curso estarán editadas e difundidas as postais.



4.5. Adaptacións de materiais dos fondos documentais do centro:

En base a libros, CD, DVDs que temos nas bibliotecas dos centros faremos unhas “adaptacións” que permitirán que estes materiais poidan ser máis accesibles a diversidade do alumnado e que á vez complementarán e enriquecerán o propio produto cultural. Cremos que con esta secuenciación entenderase mellor a actividade.

<p>1. Temos o conto físico.</p>	<p>2. Imos a unha web xeneradora de códigos QR http://www.codigos-qr.com/generador-de-codigos-qr/</p>	<p>3. Queremos asociar o conto coa representación teatral que fixeron no CRA Rosal María Zambrano https://www.youtube.com/watch?v=E6PMVdTIBGs</p>
<p>4. Pegamos nun sitio ben visible o código QR.</p>	<p>5. O libro vai na mochila viaxeira para a casa</p>	<p>6. As familias escanean o código QR e poden ver a representación teatral do conto que acaban de ler!!!</p>

Obxectivo: Facer máis accesible ao alumnado con neae e por extensión para todos/as parte dos materiais culturais que temos no centro. Enriquecer con contidos dixitais os libros, CDs, DVD que temos nos centros



Proposta metodolóxica: Traballo autónomo do profesorado e equipos de dinamización participantes no proxecto xunto co coordinador/a no centro.

Xestión: Serán os equipos de dinamización os que escollan os materiais polos que se iniciarán este proxecto para ir porgresivamente xeneralizandoo.

Temporalización: a partir da 2ª semana e ata final de curso, coa perspectiva de continuar en vindeiros cursos.

4.6 Aproveitamento creativo dos códigos QR:

Tendo en conta a potencialidade dos código QR utilizarémolos tamén para enriquecer distintas procesos e produtos que elaboraremos. Por exemplo: Podemos poñer códigos QR sobre obras do pintor Luis Seoane, sendo como portas para introducirmos nos elementos da súa obra; adiviñas en caixas que pechan obxectos que deben ser adiviñadas coas pistas que nos da a información do código, xogos de pistas, poñendo os códigos en libros de lapelas (lapbooks), xogando con técnicas surrealistas artísticas que poden dar vida a obxectos a través dos códigos (dadaismo..) e recursos literarios (greguerias con obxectos...)... Xoga un papel moi importante as creacións musicais en galego que se compoñen dende o colexio para o uso da lingua oral. Haberá códigos QR que permitirán escoitar estas pezas musicais, que tamén poden ser introducidas en debuxos sobre a temática das cancións....

Obxectivo: Crear espazos creativos cos códigos QR.

Proposta metodolóxica: Traballo autónomo do profesorado que deseñe estas propostas.

Xestión: Será o profesorado que deseñe estas propostas a que organice o traballo e invite ao resto da comunidade educativa a participar. Estas propostas e materiais será compartido entre os dous centros.

4.7. Introducción en tarefas diarias.

Dun xeito máis específico cada mestre/a na súa aula adaptará materiais de uso diario: cadernos de traballo, proxectos de investigación. Un exemplo de tarefa investigación: en infantil lle mandaremos a cada familia un libro dos Bolechas onde van viaxando por toda Galicia, as familias terán que investigar sobre este lugar. Ademais do libro físico en si levarán un Código QR mediante o que poderán acceder a unha páxina que fale dese lugar concreto.

Obxectivo: Enriquecer a práctica docente-discente diaria.

Proposta metodolóxica: Introducir cambios metodolóxicos para enfrentarnos a novos retos educativos.

Xestión: Cada mestre/a dende as súas aulas, atendendo ás características do seu alumnado do xeito máis personalizado posible.

4.8 Roteiros QR.

Os coordinadores, localizarán distintos elementos do patrimonio da nosa comarca que estean sinalizados con códigos QR e invitará as familias a que fagan roteiros cos seus fillos/as indicándolle sitios que poden visitar.

Obxectivo: Facer propostas de convivencia cultural con elementos do entorno entre os membros da familia.

Proposta metodolóxica: A través de notas informativas invitarase ás familias a visitar os lugares sinalizados con códigos QR.



Xestión: Será o coordinador/a dos centros os que preparen o material informativo destes roteiros para difundir entre as familias.

5. Implicación do profesorado e demais recursos humanos e materiais da comunidade educativa

5.1.- Recursos humanos implicados.

5.1.1. Coordinadores.

- CEIP pl de Frións: O coordinador será Luís Teira Parada que é director do centro dende hai case catro cursos. É mestre de Pedagogía Terapéutica dende hai case 12 anos. Foi coordinador do EDL en varios cursos e participou en varios proxectos relacionados coas TICs e lingua como foi o proxecto Ciberlingua. É diplomado en maxisterio especialidade en educación primaria, licenciado en psicopedagogía e licenciado en publicidade e relacións públicas. Conta cun postgrao en deseño de materiais multimedia e un máster en elaboración, implementación e avaliación de programas de formación e desenvolvemento comunitario local.

- CEIP Heroínas de Sálvora: A coordinadora será Uxía Acuña Abalde que é a directora do centro dende hai tres cursos. Actualmente ocupa a praza de mestra de educación infantil e é a coordinadora do EDL do colexio. Participou en varios proxectos relacionados coas TICs e a lingua como foi o proxecto Ciberlingua. Diplomada en maxisterio pola especialidade en educación infantil, licenciada en pedagogía e doutora por Pedagogía e Belas Artes (coa tese en entornos multimedia). Conta cun postgrao en deseño de materiais multimedia.

Os coordinadores estarán en contacto para ir avaliando o proceso do proxecto, intercambiando material a través do correo, visitando os centros para avaliar conxuntamente elementos por exemplo da ambientación...

5.2.2. Profesorado e equipos

En ambos centro todo o claustro vai participar traballando neste proxecto. Pero queremos destacar a implicación dos EDL de ambos centros, e a canalización de gran parte das tarefas do proxecto a través dos equipos de dinamización: de biblioteca, equipos TICs e equipo de extraescolares.

Ao profesorado debemos sumar o resto dos axentes educativos que buscaremos que teñan un papel activo neste proxecto: familias, persoas das distintas institucións colaboradoras...

Para intentar coordinar o mellor posible este proxecto formaremos un Equipo de Innovación en Lingua galega constituído pola director/a e coordinador/a deste proxecto e do EDL, a orientadora, a coordinadora de Biblioteca, a/o coordinador/a de TICs e o/a coordinador/a de Extraescolares. Este equipo velará para que o proxecto se vaia desenvolvendo según o deseño do mesmo e canalizando todas as tarefas asignadas. Reunirase periodicamente para avaliar todos os elementos e procesos do proxecto.

5.2. Recursos materiais que se van a mobilizar

En ambos centros os recursos materiais existentes estarán a total dispoñibilidade para o desenvolvemento deste proxecto: teléfono, fotocopiadora, ordenadores, impresoras, plastificadoras, cámaras dixitais ...Debemos salientar que actualmente só temos 1 tablet por centro e precisamos mercar máis para que este proxecto teña un desenvolvemento de calidade.



6. Colaboracións institucionais

Unha das actividades principais deste proxecto, pola difusión que pode ter fóra das comunidades educativas dos centros, son as “postais musicais”. Para iso van colaborar as seguintes entidades:

- Sálvora Clube de Fútbol, no que participan máis 190 nenos/as en 14 equipos federados de todo o concello.
- Ateneo Valle-Inclán, entidade cultural que organiza numerosos actos culturais (presentación de libros, concertos, conferencias,...) que ten a sede nun café bar.
- Asociación Cofradía da Dorna, que ten numerosos socios/as cunha idade media de 20-30 anos, que conta con 3 embarcacións tradicionais: dornas e que organiza dende hai máis de 60 anos a Festa da Dorna, Festa de Interese Turístico Galego, e que moviliza a miles de persoas cada ano.
- Concello de Ribeira, a máxima institución local que xa ten iniciado unha liña de traballo no eido da promoción turística con códigos QR <http://turismo.riveira.es/portalRiveira/?lenguajeld=gl> a que dende os colexios lle imos dar unha vertente educativa.

As entidades, a parte de propiciar o contido, tamén contribuirán coa difusión das postais musicais. Así chegarán aos seus propios socios/as, usuarios, e á cidadanía en xeral a través das oficinas de turismo e demais dependencias municipais. Para esta actividade tamén colaborarán na súa distribución gratuíta o comercio de proximidade aos centros para distribuílas postais: perruquerías, panaderías, tendas de alimentación, etc.

7. Plan de avaliación.

Partindo dos obxectivos avaliaremos o grado de consecución dos mesmos, podendo chegar a replantexar aqueles que non se axusten ás circunstancias que poidan xurdir.

7.1. Criterios e indicadores para a avaliación.

Centro

- Elementos que interveñen nos procesos de ensino aprendizaxe (organizativos, curriculares..): cambios metodolóxicos introducidos a partir deste proxecto (ambientación, deseño de materiais...).
- Utilización dos recursos dispoñibles para o desenvolvemento.

Axentes educativos

Focalizaremos a nosa atención sobre: nivel de participación e implicación. O nivel de satisfacción dos procesos e dos resultados obtidos

- Nivel de implicación do profesorado: tarefas de investigación, tarefas de xeración de códigos QR e tarefas de adaptación de materiais para alumnado neae e para o alumnado en xeral.
 - Nivel de implicación das familias: nas propostas as que son invitadas (roteiros...).
 - Nivel de implicación do alumnado: nas dinámicas que se lle propoñen (participación en obradoiros, ...).
 - Nivel de implicación de outros axentes educativos: colaboracións, distribución de materiais,...
- Como indicaremos rexistraremos as porcentaxes de participación, de recursos multimedia atopados, de adaptación de materiais, de propostas realizadas...

Externo dos centros

- Nivel de difusión das postais musicais entre as entidades.
- Grao de satisfacción das institucións na colaboración do proxecto.



-Impacto da difusión pública do proxecto.

7.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua

- Incremento do uso da lingua galega: profesorado, alumnado e resto de axentes educativos.
- Valoración da lingua galega asociada ao ámbito TICs.
- Incremento da actitude positiva cara escoitar música, poemas...en galego e portugués.

O proceso de avaliación estruturarase do seguinte xeito: recollida de información según os obxectivos marcados, análise da información, e toma de decisións e replantexamentos cara a continuidade nun futuro.

8. Medidas de difusión do proxecto.

8.1. Entre o profesorado

Todo o profesorado de ambos centros vai participar no proxecto. Terán á súa disposición o presente proxecto e farán o obradoiro de xeneración de códigos QR. Ademais terán toda unha copia impresa dos titoriais que elaboraremos tanto para o deseño dos códigos QR como para a instalación de app en dispositivos móbiles para o escaneado dos mesmos.

8.2. Entre o alumnado

Todo o alumnado en compañía do seu titor/a aprenderá a escanear códigos QR para acceder aos contidos enriquecidos.

8.3. Entre as familias

Reunión coa ANPA para explicarlle polo miúdo o proxecto para que logo o poidan difundir entre as demais familias.

Enviaremos circulares ás familias para que coñezan o proxecto así como o titorial para aprender a instalar as app e escanear os códigos QR. Ademais esta información colgaranse nas webs, blogs e demais espazos na rede.

8.4. No entorno

Cando teñamos as “postais musicais” elaboradas faremos unha rolda de prensa coa presenza de representantes das entidades colaboradoras para dar a coñecer a toda a cidadanía da comarca da existencia deste proxecto.

Ademais, grazas a estas postais, tamén axudarán a difundir o proxecto nos puntos de distribución. Un dos eventos onde pretendemos difundir o proxecto é na Feira do Ensino que organizará o Concello.

8.5 Outros centros

Dar a coñecer este proxecto a outros centros aproveitando a Coordinadora de Equipos de Normalización do Barbanza, invitando a coñecer a nosa experiencia para que se animen a facelo.

9. Orzamento

Concepto	Importe
4 tabletas (2 para cada centro)	1500
8 modelos de postais x 1500 unidades= 12.000 postais	500



Materiais funxibles: fotocopias, pegatinas, etc (A aportar polos centros)	200
TOTAL	2200 €

10. Funcións e tarefas do profesorado implicado

10.1. CEIP plurilingüe de Frións

Nome e apelidos	Cargo	Funcións
Luís Teira Parada	Director. Mestre de PT	Coordinador xeral do Proxecto. Coordinador do Proxecto no CEIP pl de Frións. Establece relacións coas institucións da contorna. Redactor de titoriais, apoio e supervisión de todas as tarefas. Investigación na rede de materiais.
Lúa Branca Díaz Pérez	Substituta de 1º EP	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
María Concepción Diéguez Freijido	4º EP	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
Patricia García López	AL	Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos. Investigación na rede de materiais.
María Teresa García Pérez	5ºEP. Secretaria.	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
Gonzalo García Romero	2º EP	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean



		os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
Laura Guitián Castromil	PT	Elaboración de códigos QR e colocación. Investigación na rede de materiais.
María Dolores Juíz López	Orientadora	Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos. Como membro do equipo de biblioteca colocará os códigos QR en libros, DVDs, etc. Investigación na rede de materiais.
Laura León Neira	Titora de 3 anos	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
Sara Lijó Gómez	Titora de 5 anos	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
Juana María Mariño Basoco	Mestra de rel. católica	Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos. Como membro do equipo de biblioteca colocará os códigos QR en libros, DVDs, etc. Investigación na rede de materiais.
María José Muñiz Mirás	6º EP e coordinadora do EDL	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Como coordinadora do EDL axudará ao coordinador do proxecto a desenvolverlo de forma xeral en todo o centro. Investigación na rede de materiais.
Josefa María Otero Callón	Mestra de inglés	Elaboración de códigos QR e colocación. Como membro do equipo TIC colaborará a difundir o proxecto pola web e blogs.



		Investigación na rede de materiais.
María Carmen Otero Otero	Apoio de EI e coordinadora de Biblioteca	Elaboración de códigos QR e colocación. Como membro do equipo de biblioteca colocará os códigos QR en libros, DVDs, etc. Investigación na rede de materiais.
José Manuel Boo Pouso	3ºEP e coordinador do Equipo TIC	Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos. Como responsable TIC axudará a aqueles mestres que necesiten máis axuda á hora de xenerar os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
Ana María Prado Grela	Mestra substituta de 3ºEP	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
Juan José Rivas Silva	Mestre de Música	Elaboración de códigos QR e colocación. Investigación na rede de materiais.
Diego Suárez García	Mestre de EF e de art en inglés	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
María Elena Varela Rodríguez	Titira de 4 anos e coord. do Equipo de actividades extraescolares e complementarias	Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Investigación na rede de materiais.
Esperanza Vidal Pérez	Mestra de rel. evanxélica	Elaboración de códigos QR e colocación. Como membro do equipo de biblioteca colocará os códigos QR en libros, DVDs, etc. Investigación na rede de materiais.



Ángela Paz Codesido	Titira titular de 1º EP. Xefa de Estudos.	Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.
---------------------	-------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

10.2 CEIP Heroínas de Sálvora.

Nome e apelidos	Cargo	Funcións
Uxía Acuña Abalde	Directora. Mestra de EI. Coordinadora do EDL Coord. do Equipo de Innovación.	Coordinador do Proxecto no CEIP Heroínas de Sálvora. Establece relacións coas institucións da contorna. Redactora de titoriais, apoio e supervisión de todas as tarefas.
Mª Angela Rodríguez Sampedro.	1º EP	Investigación na rede de materiais. Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Colaboración dende o Equipo de Biblioteca.
Josefa Reiriz Rodríguez.	2º EP	Investigación na rede de materiais. Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR. Colaboración dende o Equipo de Biblioteca.
Manuela F. Rodríguez Sampedro.	3º EP. Coord. do Equipo de Biblioteca. Equipo de Innovación.	Investigación na rede de materiais. Elaboración de códigos QR. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos



		<p>QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de Biblioteca.</p>
M ^a Manuela Abella Cruz	4º EP	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo Tics.</p>
Rosa González Martínez	5º EP. Xefa de estudos.	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de EDL</p>
Concepción Fariña Cadenas	5ºB de EP	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p>
Gonzalo de Lucas Lema	6º de EP	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos. Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Obradoiro para xerar códigos qr</p>



		<p>para alumnado</p> <p>Colaboración dende o Equipo de EDL</p>
Vanesa Sobrino Busto	4º EI	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación .</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de Biblioteca.</p>
Mª Teresa Hernández Alfaraz	5º EI Coord. Tics. Secretaria. Equipo de Innovación.	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de Tics</p>
Diana Resúa Tubío	6ºA EI	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de EDL</p>
Francisca Martínez Sieira	6ºB EI	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de</p>



		<p>como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de Tics</p>
Patricia Blanco Vazquez	AL	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de Tics.</p> <p>Adaptación para casos de alumnado neae</p>
Eva María Fernández Martínez.	PT	<p>Investigación na rede.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de Tics.</p> <p>Adaptación para casos de alumnado neae</p>
Sigrid Fernández Alfonso	<p>Orientadora</p> <p>Equipo de Innovación.</p>	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende Biblioteca.</p> <p>Adaptación para casos de alumnado neae</p>



Clara Jeremías Sampedro	Inglés	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p>
Belarmino Rodríguez Gutiérrez	EF	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Equipo de Biblioteca.</p>
Daniel Rodríguez Gándara	Educación Musical. Coord. de Extraescolares. Do Equipo de Innovación.	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende o Biblioteca e como coordinador de Extraescolares</p>
M ^a del Carmen Colomer Busóms	Relixión	<p>Investigación na rede de materiais.</p> <p>Elaboración de códigos QR e colocación dos mesmos.</p> <p>Explicación ao seu alumnado de como se escanean os códigos QR.</p> <p>Colaboración dende Biblioteca.</p>



En galego tamén coas TICs.

